

Presencia de Aquilino Iglesia Alvariño

Ramiro Fonte

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FONTE, RAMIRO (2011 [1986]). “Presencia de Aquilino Iglesia Alvariño”.
Dorna: 10, 99-100. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/90>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FONTE, RAMIRO (1986). “Presencia de Aquilino Iglesia Alvariño”. *Dorna*::
10, 99-100.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

PRESENCIA DE AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

Ramiro Fonte

Cando os poetas morren, dise sempre, permanece o seu verso. Despois de eles desapareceren, os habitantes da cidade disputan, co paso dos anos, certos feitos. Procuran a referencia feita episodio ou andares de home. Tamén a cunca da amizade, o rumbo proveitoso polos recantos da cidade; a viva voz perdida. Nós, que nunca coñecemos de Aquilino Iglesia Alvariño máis cós seus poemas e unha sombra que era pouso na nostalxia dalgúns dos seus amigos, témonos ás veces atopado procurando os sinais desa sombra. Aquela que aínda retornaba nas rúas ateigadas de medulares invernos que decía Xesús Valcárcel, mesturaba quizais co agre sabor das tabernas que di Tosar. Si, cantas veces xurdiu a apelación a Aquilino home; antigo paseante dos nosos mesmos rumbos nun outono sombrizo, choviñento, longo coma o tedio das tardes. Naquela outra sombra húmida dalgunha taberna, que aínda conservaba a mesa de mármore na que dicían se sentaba o poeta, aparecíásenos de súpeto ós que de Aquilino Iglesia Alvariño só coñeciámolo arrecendo dos seus versos. Era, na visión doutras horas mortas, “o home das palabras” e para min, ademais de se-lo autor de *Cómaros verdes* ou *Nenias*, seguiría a se-lo home das palabras ata que comprendín por qué. O retrato de Aquilino facíano aqueles que conversaran con el, os que compartiran a súa amizade. E así era que o noso poeta aparecía na cidade porque aquí —dicía alguén—, nesta mesma mesa, bebía o viño e preguntaba palabras Aquilino Iglesia Alvariño, un dos máis importantes poetas galegos (agora seino) que ten dado o século. Aprendino anos máis tade. Que poucos poetas outorgaron ó galego esa dignidade e valoración coa que el afrontaba o feito poético. Agora que a sombra de Aquilino que eu coñecín, dará paso, quizais para ben, a cronoloxías e método. Agora que aquel tempo está definitivamente baleiro de todos nós, e os rumbos dun postreiro poeta da Compostela xa nos son os de tantos; permanece o seu verso que é a auténtica biografía espiritual de calquera bo poeta. Quizais feneceu tamén aquel retrato de sombras. Segue a perdurar, iso si, o amor pola palabra do que todos nós temos aínda algunha cousa que aprender.

¿Que é o que fica, para un lector sentimental, da obra de Aquilino Iglesia Alvariño? ¿Que palabras entre as que el concertou, son hoxe, aínda, motivo de lectura grata polos líricos de hoxe?. Poeta ecléctico, Aquilino Iglesia Alvariño amosa, desde a súa lírica, case tódalas direccións que vencellan as estéticas poéticas de antes e despois da guerra. A Aquilino sérvenlle moitos dos atributos que denominan as escolásticas do noso verso do XX. Podémoslle chamar lírico da paisaxe, clasicista, imaxinista, neotrovadorista, etc. pero todas estas máscaras do noso autor conxugan, sen dúbida ningunha, un único atributo; Aquilino é un poeta. Entre estes pertence á estirpe dos que toman das palabras as vivas e as vividas. Poeta que abre o seu verso ás arelas clasicistas e, ó mesmo tempo e despois de ter navegado polos mediterráneos grecolatinos; enche o verso da límpida claridade que só pode outorgar certa contemplación do que permanece na terra e nas paisaxes nativas.

Pero quizais hai unha parte entre a obra plural de Aquilino Iglesia Alvariño que ben pode servir como reflexión ás intertextualidades procuradas polos poetas de hoxe. Diríamos máis, ó emblema do culturalismo que é moeda de uso corrente

na praza pública das nosas letras recentes. Boa mostra hai na poesía dalgún dos nosos mellores poetas do que é o elemento cultural sometido a un proceso de sentimentalización, de fonda credibilidade no eido poemático. Sempre temos falado de que “Unha canción foi prohibida no sur” ou “Recoñecemento de Harold Godwison” de Cunqueiro, teñen esa fronteira que xunta, non separa, as experiencias de lectura e de escrita. Algo disto está tamén perfectamente definido nos poemas-homenaxe de *Nenias*. Nos dez poemas que van desde “Polos vellos poetas que foron” ata “Luís Amado Carballo”, a mítica que crea o lector-escritor arredor dos seus *mestres* “que foron” ficcionados é un exemplo da mellor homenaxística que tén dado a nosa lírica no século XX. Polo menos, éo para quen escribe estas palabras. Para aquel que lea outra vez estes poemas aparecerá un canto de amor pola poesía e polos poetas queridos. Aquilino opera de xeito semellante a Cernuda pero en sentido inverso. Cernuda reclamaba, desde un dos seus poemas, a atención dun poeta futuro. Aquilino recolle e sentimentaliza os poetas do pasado. El mesmo é aquel poeta futuro perante as poéticas de Hölderlin, Rosalía ou Pondal. Tamén el reconstruía algo desa sombra dos outros da que comezamos a falar nestas páxinas. Non sei cal destes poemas prefiro, pero direi que desde que lin o dos “pobres mozos tonsurados” de Tübingen deixei de teimar na posible adicatoria, en galego, dun poema ó mestre que se silenciaba nas paisaxes do Neckar. Moi logo aprendín esa emotiva leviandade do poeta no que adica ó paisaxista pontevedrés.

Ancraron os seus ollos en anchos ríos quedos,
e as súas maus
foron herbiña fina ou algo así.

E vemos nestes versos amén de certa fineza sutil tan procurada hoxe nas poéticas peninsulares, certo juanramonismo que non hai que ir tan lonxe a buscalo. No de Pondal, Aquilino adéntrase nese escenario protohistórico que el sabe que é paisaxe e, sobre todo, paisaxe en fulgor, en estoupido. O mar e os piñeirais inauguran un canto de porvir e Aquilino, como bo lírico, sabe que nada se opón a que nomee os teatros do épico.

Son dous ou tres exemplos cos que queremos corroborar que a lírica recente está e estará cos ollos abertos a un poeta ó que este ano se lle adica, para ben, o día que fala doutra poeta que foi. Con seguranza, de Aquilino pervivirá algo máis ca unha sombra. Diciámolo falando de Arcadio López Casanova que algo tén que ver co noso poeta. O propio Arcadio agrupábao entre os poetas de “rigor intelectualivo diante do poema”. Dío tamén, con outras palabras, Eusebio Lorenzo na revista *Grial*. Diciámolo, xa hai anos, cando encontrabámo-la sombra da ausencia dun poeta. A ela había que lle pó-los seus versos. Así o facemos.